

PLAN DE TRABALLO

2021



Responsabilidade social | **É**tica | **T**ransparencia
Pluralidade | **P**articipación | **T**raballo en rede
Utilidade | **E**ficacia | **A**ctualización | **H**orizontalidade

Plan De Trabajo

2021

Presentación

Áreas de trabajo

Grupos de trabajo

CGCEES

PRESENTACIÓN

O recoñecemento da Educación Social e a calidade da acción socioeducativa levada a cabo por estas/es profesionais son a razón de ser do noso colexio, os alicerces sobre os que se asenta o groso do noso traballo como institución. Consonte con isto, o traballo do Ceesg no 2021 seguirá baseándose en tres **liñas estratéxicas** fundamentais:

- Lei do Dereito á Educación Social.
- Regulación da profesión de Educación Social.
- Emprego e empregabilidade.

Queremos que o 2021 sexa tamén un ano no que seguir avanzando para prestar servizos nas mellores condicións. Os acontecementos do ano 2020 puxeron de manifesto a importancia da dixitalización, tanto para ofrecer formación como para calquera tipo de xestión. No Ceesg temos iniciado hai tempo este proceso, que esperamos que culmine neste ano, e que continúe medrando e adaptándose ás necesidades de cada momento.

Cúmprense neste 2021 os 20 anos dende que o Parlamento de Galicia aprobase a creación deste colexio, un fito que queremos celebrar co agradecemento, en forma de redución nas cotas, ás colexiadas e colexiados que levan máis tempo formando parte do Ceesg, así como con outras iniciativas que promovan a colexiación e nos convertan dese xeito nunha institución máis forte.

Para levar a cabo as accións contempladas neste plan de traballo, o equipo de goberno do colexio continúa organizándose en tres **áreas de traballo** (Comunicación e participación colexial, Acción profesional e sociolaboral, Formación e desenvolvemento profesional), e contando co apoio de oito **Grupos de traballo**.

ÁREAS DE TRABAJO

ÁREA DE COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN COLEXIAL

É a encargada da comunicación coas colexiadas e colexiados, así como de facilitar as vías para participar da vida colexial, a prol da mellora profesional. Encárgase das redes sociais e de todos os elementos de comunicación do colexio profesional.

Está integrada por:

- Selene Arias Sáez.
- Laura Casal Figueroa.
- Rocío Núñez Rúa.
- Belén Piñeiro Álvarez.
- Noelia Rodríguez Álvarez.

1. Obxectivos xerais:

- 1.1 Definir e manter unha liña de comunicación interna e externa que garanta a transmisión dunha imaxe e dun proxecto uniforme, coherente e compartido de Colexio.
- 1.2 Incrementar e afondar nos procesos de comunicación e intercambio, formais e informais, a nivel persoal, social e profesional.
- 1.3 Ampliar e diversificar a participación e interacción de profesionais do social nas canles comunicativas do Ceesg.
- 1.4 Colaborar coas outras áreas na formulación e edición de publicacións da actividade colexial.
- 1.5 Vincular a actividade da área ás diferentes liñas estratéxicas establecidas dende o Ceesg para o ano 2021.

2. Obxectivos específicos:

- 2.1. Manter o apoio á elaboración e aprobación dunha Lei estatal de Educación Social.
- 2.2. Promocionar os actos, eventos e concursos existentes para favorecer a participación colexial.
- 2.3. Publicar e dar a coñecer en distintos formatos experiencias, traballos académicos e material arredor da Educación Social.
- 2.4. Estreitar a colaboración coas universidades e co estudantado para favorecer un coñecemento mutuo: mantemento e reforzo de PICs.

3. Actuacións:

- 3.1. Completar os requerimentos de autorización de datos do Documentario 'Fitos e feitos da Educación Social' e posterior difusión para apoiar a reivindicación da nosa profesión.
- 3.2. Mantemento da Campaña nas redes sociais 'Eu quero unha Lei de Educación Social'.
- 3.3. Coordinación dos PIC´s para o apoio, difusión e mobilización en relación á Lei de educación social e visibilización da profesión.
- 3.4. Creación e mantemento de Campañas mediáticas:
 - Stand informativo Ceesg, reparto de máscaras e difusión redes sociais nas probas da OPE 2021.
 - Nova Campaña de colexiación do Ceesg.
 - Campaña de conmemoración dos 20 anos do Ceesg. Deseño novo logo Ceesg.
- 3.5. Apoio, participación e lanzamento de campañas en colaboración co CGCEES.

- 3.5.1. Colaboración na campañas dos Días internacionais.
- 3.6. Canalización dos diferentes temas de actualidade e vinculación cos distintos grupos de traballo a para favorecer a presenza nos medios.
- 3.7. Difusión de ofertas e oportunidades de emprego.
- 3.8. Estratexia de difusión da Galeduso núm 13.
- 3.9. Configuración do xurado da 7ª edición do Concurso TFG.Eduso. Entrega de premios e difusión dos traballos premiados.
- 3.10. Colaboración cos grupos de traballo para a emisión de comunicados en días conmemorativos relacionados coa profesión.
- 3.11. Edición e publicación do calendario 2022.
- 3.12. Celebración DIES 2020.
- 3.13. Continuación coa transformación dixital do Ceesg.

O traballo da área está orientado cara a formación continua do labor profesional das colexiadas e colexiados. Consiste na organización de encontros, xornadas e actividades formativas, que favorecen o desenvolvemento profesional baseado na actualización e na reflexión sobre a praxe. Abrangue tanto temas relacionados directamente cos nosos ámbitos como os que resultan de interese polo seu valor social.

As persoas de Xunta de goberno que forman parte da área son:

- Beatriz Caneda Zamar.
- Laura Vilaboy Romero.
- Natalia Domínguez Galán.
- Paula M^a Varela Costa.

1. Obxectivos xerais:

- 1.1. Elaborar un plan de formación que garanta unha preparación de calidade ás/ós profesionais da Educación Social.
- 1.2. Ofrecer recursos accesibles para mellorar a práctica profesional.
- 1.3. Diseñar documentos profesionais propios, que faciliten o quefacer das educadoras e educadores na súa práctica.
- 1.4. Editar publicacións que promovan o desenvolvemento profesional.
- 1.5. Velar polo cumprimento dos principios éticos e deontolóxicos inherentes á profesión.
- 1.6. Enmarcar o traballo en rede como sinal de identidade para a construción colectiva da nosa profesión.
- 1.7. Estar presentes nas institucións decisorias para a Educación Social.

2. Obxectivos específicos:

- 2.1. Diseñar e implementar actividades de formación continua.
- 2.2. Favorecer as relacións con outros colexios profesionais.
- 2.3. Colaborar con outras entidades galegas de interese social.
- 2.4. Participar en proxectos de investigación que promovan cambios sociais a prol da igualdade, dos dereitos da cidadanía e da xustiza social.
- 2.5. Fomentar a formación no uso e posibilidades didácticas das tecnoloxías da aprendizaxe a distancia (e-learning) para combinar cos formatos de aprendizaxe presencial e mixta (b-learning).
- 2.6. Fomentar a formación e consolidación dos Grupos de Traballo, acompañando os seus procesos e prestando a axuda necesaria para o seu mantemento.
- 2.7. Promover o deseño de accións formativas no campo da busca activa de emprego

3. Actuacións:

- 3.1. Desenvolver en modalidade en liña os cursos formativos seleccionados da Bolsa de formación 2020:
 - Proposta práctica de Educación Familiar: O educador e educadora social como terapeuta centrado en solucións.
 - A educación social nos centros de internamento no eido da xustiza xuvenil.
- 3.2. Desenvolver o curso formativos seleccionado da Bolsa 2021: Ética con menores.
- 3.3. Convocatoria da Bolsa de formación 2022.
- 3.4. Desenvolvemento dun obradoiro sobre Trata de seres humanos en colaboración coa ONG Accem.
- 3.5. Desenvolvemento de cursos e xornadas formativas deseñadas polos Grupos de Traballo.

- 3.6. Sinatura de convenio de colaboración con ESPAZOCOOP.
- 3.7. Proposta de 2 cursos formativos específicos de Educación Social na oferta formativa da Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP.
- 3.8. Reforzo e impulso da Comisión de Ética e Benestar profesional. Deseño dun Curso de formación inicial sobre deontoloxía profesional.
- 3.9. Busca de estratexias para asistencia de colexiadas/os galegas/os ao VIII Congreso Estatal de Educación Social (Zaragoza).
- 3.10. Deseño dun Manual de creación de textos accesibles.
- 3.11. Redacción do RRI, Regulamento de Réxime Interno, para a súa aprobación na Asemblea 2022.
- 3.12. Colaboración coas universidades: entrevistas, xestión de convenios, recepción de ofertas formativas, prácticas alumnado, TFG, etc.
- 3.13. Mantemento de colaboracións con outras entidades para a realización de formación e bonificación de cotas en actividades que poidan interesar ás persoas colexiadas.
- 3.14. Difusión da campaña pola Lei de Educación Social entre as entidades coas que esteamos en colaboración desde a área, así como entre as e os participantes nas actividades formativas do Colexio.

ÁREA DE ACCIÓN SOCIOLABORAL E PROFESIONAL

Destinada a reforzar a calidade da nosa profesión, centrada na súa regularización e recoñecemento social.

As persoas de Xunta de goberno que forman parte da área son:

- Antón Bouzas Álvarez.
- Natalia Domínguez Galán.
- Sonia González Rodríguez.
- Pilar Ramallal Fernández.

1.

- 1.1. Promover e difundir o recoñecemento social da profesión de Educador/a Social, tanto na administración pública como no ámbito privado.
- 1.2. Traballar na consecución dunha Lei de Educación Social.
- 1.3. Impulsar a Educación Social en ámbitos de acción emerxentes.
- 1.4. Reclamar a incorporación da figura do/a educador/a social nas funcións profesionais referidas á intervención socioeducativa.
- 1.5. Realizar o seguimento das disposicións legais e convenios en materia social e educativa onde se regularice a figura profesional e a situación laboral da educadora e do educador social, así como da súa aplicación.

2. Obxectivos específicos:

- 2.1. Avanzar na incorporación da figura do/a educador/a social na Lei de Emprego Público.
- 2.2. Traballar no regulamento nos casos de intrusismo laboral.
- 2.3. Reclamar a incorporación nas Relacións de postos de traballos nas distintas administracións públicas.

- 2.4. Demandar a incorporación da nosa figura profesional nos ámbitos propios da profesión: educación, igualdade, animación sociocultural, diversidade funcional, etc.
- 2.5. Difundir a Colexición obrigatoria na nosa Comunidade.

3. Actuacións:

- 3.1. Accións de continuidade na campaña de Lei de Educación Social en Galicia.
- 3.2. Participación, a nivel estatal, na consecución da Lei de Educación Social.
- 3.3. Recoñecemento de Postos de Educador/a social na administración pública:
 - Xunta de Galicia:
 - xuntanzas coa Dirección Xeral de Función Pública para chegar a un acordo na creación dunha categoría propia na Lei de Emprego Público de Galicia.
 - xuntanzas coa Consellería de Política Social.
 - Deputacións: xuntanzas coas diferentes Deputacións provinciais galegas.
 - FEGAMP: Ampliar colaboracións.
 - Concellos:
 - Xuntanzas coas educadoras sociais de concellos de Galicia.
 - Xuntanzas cos concellos para incidir na importancia da presenza da educación social e do cumprimento da normativa vixente.
 - Ámbito privado: campaña de visibilización da Educación Social: ANPAS, centros de día, cooperativas...
- 3.4. Seguimento, revisión e presentación de alegacións, de selo caso, ás convocatorias e prazas de educador/a social na Administración Pública, na iniciativa privada e no terceiro sector. (OPE).
- 3.5. Coordinar coas Universidades galegas os apoios á profesión.

- 3.6. Elaboración de temarios específicos para os postos de ‘Educadoras/es Sociais’ nas ofertas de emprego na Administración pública, asemade facilitando contidos específicos destes postos á EGAP a través da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.
- 3.7. Desenvolvemento do convenio coa Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para prestar apoio e atención socioeducativa integral tanto a nenas/os orfas/os a causa de violencia de xénero como ás persoas que asuman o seu coidado.
- 3.8. Participación e representación no Consello Galego de Benestar Social.
- 3.9. Representación e participación estable en foros relacionados coa profesión, eventos da administración pública e outras entidades relacionadas co campo socioeducativo.

GRUPOS DE TRABAJO

**Grupo de Intervención Socioeducativa con
Familias, aBEIRA**

**Grupo de trabajo Animación Sociocultural e
Xestión Cultural**

**Grupo de trabajo en Desenvolvemento
Comunitario e Educación Ambiental, A EIRA do
Ceesg**

Grupo de trabajo en Feminismos, FIADEIRAS

Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica, GEIX

**Grupo de Trabajo sobre Diversidade Funcional
Humana, Ceesg en DIVERDADE**

Grupo de trabajo en Saúde, MIOLO



Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias

Integrantes

- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Ana M. Domínguez Márquez.
- Mónica Fernández Gesteira.
- Sonia González Rodríguez.
- Estefanía Lema Moreira.
- Lucía Vázquez Vázquez.

Obxectivos

1. Xeral:

- 1.1. Impulsar a figura profesional da educadora e o educador social no ámbito da intervención social coas familias en tódolos ámbitos en especial no ámbito dos servizos sociais e da educación.

2. Específicos:

- 2.1. Impulsar o ISE (informe socio-educativo)
- 2.2. Visibilizar a figura do/a educador/a social a través de actividades formativas impulsadas polo grupo.
- 2.3. Implementar actividades de participación grupal vinculadas á intervención socioeducativa nos SEAFs e no ámbito educativo.
- 2.4. Impulsar a creación de ferramentas de traballo que visibilicen a educación social nos diferentes equipos multidisciplinares de intervención social.

Actuacións

1. Actividade no Facebook do GT sobre temas de interese e compartir as publicacións que faga o Ceesg sobre o noso ámbito ou temas transversais.
2. Participación en difusión de accións formativas previstas e ISE a través do Matiass.
3. Favorecemento da implantación e uso de modelo ISE.
4. Elaboración de listaxe de ES en SEAF (Servizos de Educación e Apoio Familiar) e Xefaturas Territoriais para traballo en rede do ISE.
5. Formación Externa.
 - a. Proposta ás Deputacións provinciais, para que na súa formación continua de traballadoras/es, tanto da Deputación como da administración local incorporen o modelo de ISE.
 - b. Formación do ISE.
6. Reivindicación de incorporación na Historia Social Única dun módulo de Desprotección Infantil (actualmente no SIUSS) e incluír o modelo ISE en ambos.
7. Elaboración do Profesiograma. Asistir ás reunións co resto dos GT que traten este tema.
8. Apoio ao Ceesg nas accións que promovan para acadar unha Lei de Educación Social.

Grupo de traballo Animación Sociocultural e Xestión Cultural.

Integrantes

- Iván García García (coordinador)
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanessa Otero Dios.
- Javier Riádigos Couso.

Obxectivos

1. Promover a reflexión sobre o perfil profesional do Educador/a Social no sector da cultura.
2. Visibilizar a animación sociocultural e a xestión cultural como ámbito propio da Educación Social.
3. Reafirmar o papel da animación sociocultural e da xestión cultural no marco das políticas culturais en Galicia.
4. Colaborar na definición dos perfís profesionais presentes no ámbito da animación sociocultural e xestión cultural.
5. Colaborar coas facultades que imparten estudos de Educación Social e/ou estudos relacionados, para reforzar a oferta formativa de troncalidade e especialidade en Animación Sociocultural e Xestión Cultural.
6. Xerar espazos de encontro, reflexión, formación... baixo as temáticas de animación sociocultural e xestión cultural.
7. Crear o “Espazo CAM (Comparte, Asesora, Muda)” sobre situacións laborais no ámbito.

Actuacións

1. Publicacións periódicas en redes sociais.
2. Asistencia e participación a espazos de debate e formación sobre a temática do grupo de traballo.
3. Contacto coas facultades que imparten Educación Social para analizar a oferta formativa en Animación Sociocultural e Xestión Cultural.
4. Encontro de reflexión-formación sobre o ámbito.
5. Espazo CAM (Comparte, Asesora, Muda) sobre situacións laborais; RPTs; convocatorias de prazas...
6. Proposta de programa piloto de alfabetización dixital como canle de participación veciñal nos concellos.



Ceesg en Diversidade

Integrantes

- Estefanía Estévez Cacheiro (co-coordinadora)
- Noelia Parente Vieites.
- Paula Varela Costa (co-coordinadora)

Obxectivos

1. Obxectivo xeral.

- 1.1. Manter un espazo de análise e reflexión no seo do Colexio, sobre a Diversidade Funcional humana, promovendo unha resposta xenuinamente socioeducativa.

2. Obxectivos específicos.

- 2.1. Atender ás consultas derivadas polo Colexio e xestionar a súa resposta na nosa área de coñecementos.
- 2.2. Atender ás peticións do Colexio con carácter de prioridade.
- 2.3. Promover o intercambio de experiencias e de recursos no ámbito da Diversidade Funcional.
- 2.4. Contribuír á análise da situación laboral das educadoras e educadores sociais que están a intervir neste ámbito.
- 2.5. Contribuír á formación continua fomentando modelos de intervención profesionais con base no Movemento de Vida Independente e a Planificación centrada na persoa.
- 2.6. Fomentar o estudo e a promoción da figura profesional da Asistente Persoal con formación socioeducativa.
- 2.7. Promover a participación e o interese das educadoras e educadores sociais colexiados na Diversidade Funcional humana.

2.8. Crear espazos para dar visibilidade ó labor do Grupo de traballo.

Actuacións

1. Elaboración de escritos sobre o ámbito
2. Mantemento de publicacións nas redes e espazos de difusión externos.
3. Reactivación das colaboracións paralizadas no ano 2020.
AFEXDI (Asociación para a Formación e o Emprego das Persoas con Discapacidade) e con DISCAMINO (Discapacidad y Camino de Santiago).
4. Avance no Mapa de dilemas éticos e controversias en colaboración coa Comisión colexial de ética.
5. Atención e participación nas accións colectivas do Colexio.
6. Celebración do Día da Diversidade Funcional o 3 de decembro.
Emisión dun comunicado propio.



Grupo de traballo sobre Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental

Integrantes

- Enma Alcaide Ucha.
- Kylyan Marc Bisquert i Pérez.
- María del Valle Marcos García-Conde (coordinadora)
- Nereida Rivero Cruz.

Obxectivos

1. Manter un estado de latencia durante este ano para a reformulación do grupo.
2. Incorporar novos membros ao grupo e facilitar a súa integración de cara a unha eventual transición na composición do mesmo.
3. Continuar coa liña de colaboración con outras entidades e iniciativas afíns na organización de eventos e desenvolvemento de accións e liñas de traballo común.
4. Responder e colaborar nas liñas de traballo do Ceesg, especialmente no relativo ao desenvolvemento dos ámbitos que nos atinxen (na medida das nosas posibilidades)

Actuacións

1. Revisión e actualización do Censo de Recursos e Equipamentos de Educación Ambiental facilitado pola SGEA e Mapeo.
2. Profesiograma.
3. Participación/asistencia a encontros, cursos, xornadas e outros eventos organizados por entidades afíns.
4. Dar a coñecer a cartografía dixital Rizomas.info.

5. Promoción do grupo a través do Ceesg para a incorporación de novas integrantes.
6. Publicacións nas redes sociais sobre temas de interese ou publicacións relacionadas do Ceesg.
7. Participación no V Congreso de Educación para a Transformación Social (EpTS) organizado por Hegoa e a celebrar, en Vitoria Gasteiz, os días 18, 19 e 20 de novembro de 2021.



Grupo de traballo sobre Feminismos

Integrantes

- Eva Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández (coordinadora).
- Tania Merelas Iglesias.


Obxectivos

1. Desenvolver unha formación especializada en materia de xénero dirixida ás colexiadas e profesionais do social.
2. Sensibilizar á poboación da necesidade da regularización da nosa profesión.
3. Comprometer a praxe do Ceesg co feminismo e a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
4. Incrementar a presenza de Fiadeiras e, por tanto, do Ceesg en medios de comunicación tradicionais.
5. Traballar coas Universidades galegas para garantir o cumprimento da lei, a través da implantación dunha materia de xénero, onde se curse o Grao de Educación social.
6. Representar ao Ceesg en diferentes Comisións de xénero a nivel autonómico e estatal.
7. Representar ao Ceesg no VIII Congreso de Educación Social en Zaragoza.

Actuacións

1. Difusión e participación na campaña Lei Educación Social. Remitindo peticións a todas as entidades coas que imos colaborar este ano.

2. Continuidade coas actuacións para esixir formación en igualdade nas diferentes facultades galegas onde se curse Educación Social. Xuntanzas coas Oficinas de Igualdade das diferentes Universidades galegas.
3. Xornadas interuniversitarias e publicación posterior onde se recolleran contidos. Contacto cos Puntos de Información Colexial.
4. Publicación en aberto da formación "Son de fiar".
5. 8 de marzo. Difusión e Comunicado.
6. Obradoiro "*Educación social, género y nuevas masculinidades. Aportaciones desde el ecofeminismo a la Educación Social*". No VIII Congreso estatal de Educación Social.
7. "*Penso, logo actúo*". Curso básico de intervención socio-educativa feminista. Imparte: María Reimóndez.
8. Presentación de Comunicación para o VIII Congreso estatal de Educación Social.
9. Representación do Ceesg no Observatorio Galego de Violencia de Xénero como Vogal.
10. Representación do Ceesg no grupo de Traballo 3 "Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo" e Subgrupo técnico 3.
11. Referentes na "Comisión Género y Diversidad. CGCEES"



Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica

Integrantes

- Selene Arias Sáez.
- Mercedes González Pazos.
- M^a Esther Pérez Enríquez.
- Mónica Serrano Soto.
- Laura Vilaboy Romero (coordinadora)
- Vanessa Villar Armada.

Obxectivos

1. Potenciar a figura do/a Educador/a Social no ámbito das persoas maiores, visualizando as diversas formas de acompañamento socioeducativo desenvolvidas a través de proxectos socioeducativos promovidos a nivel institucional, principalmente en contornas rurais.
2. Intervir para a mellora e recoñecemento sociolaboral das/os profesionais da intervención socioeducativa no eido da terceira idade.
3. Provocar o debate, a reflexión e o intercambio de experiencias profesionais e de recursos socioeducativos de intervención.
4. Difundir información e coñecementos referidos á intervención socioeducativa coas persoas maiores, usando todos os medios ao noso alcance.
5. Promover a participación de persoas colexiadas nas actividades do GEIX.
6. Atender ás encomendas do Ceesg e outras colaboracións transversais que vaian xurdindo.

7. Difundir actividades formativas, informativas e socioeducativas con contidos relacionados co mundo das persoas maiores así como promoción da profesión e/ou emprego no eido das persoas maiores.
8. Reivindicar o espazo merecido das/os educadoras/es sociais na xerontoloxía, así como a dignidade e o respecto ás persoas maiores.
9. Investigar a realidade das persoas maiores e a intervención socioeducativa en xerontoloxía, creando coñecemento neste eido e asentando e reforzando as bases para a intervención xeragóxica.
10. Divulgar as accións realizadas desde o GEIX, posicionándonos como un referente informativo para profesionais da xerontoloxía, e en especial para aquelas/es que realicen unha intervención socioeducativa neste eido.

Actuacións

1. Realización dunha acción conxunta coa Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (SGXX).
2. Revisión dos convenios de colaboración con entidades.
3. Presentación de proposta piloto ás Deputacións dun “Plan de traballo para maiores nas zonas rurais”, no que daremos conta da necesidade social e perentoria da atención cara un envellecemento activo desta poboación, a través da prevención da incapacidade, do mantemento da autonomía física e psicosocial e da conciencia de pertenza a sociedade.
4. Reivindicación da creación da categoría de educador/a social no “IV Convenio colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade” a nivel autonómico e tamén da súa referencia fundamental nas residencias públicas.
5. Continuidade na Comisión de Envellecemento Activo do Consello de Educadores e Educadoras Sociais.

6. Deseño dun documento profesionalizador do Decálogo do traballo socioeducativo coas persoas maiores polas educadoras e educadores sociais.
7. Formación aos GT do Ceesg sobre Mapa de Recursos, en base a obxectivos que marquen dende a Xunta de Goberno do Ceesg.
8. Continuidade co Facebook.
9. Apoio nas accións levadas a cabo en relación á Lei Galega de Educación Social.
10. Realización dun acto/acción para conmemorar o Día das Persoas maiores.
11. Realización dun webinar.



Grupo de traballo sobre Saúde

Integrantes

- Sara Alba Gómez.
- Laura Casal Figueroa (coordinadora)
- Rocío Núñez Rúa.
- Manuel Antonio Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.

Obxectivos

1. Dar a coñecer e visibilizar a nosa profesión e as súas potencialidades en recursos e entidades relacionados coa saúde.
2. Promover o achegamento e a formación de Educadoras e Educadores Sociais nesta área.

Actuacións

1. Mapa de recursos humanos "Educación Social e saúde mental/adiccións" suxerindo ás entidades que non contan coa nosa figura que a incorporen.
2. Apoio nas accións levadas a cabo en relación á Lei Galega de Educación Social.
3. Xornada Educación Social e saúde (virtual ou presencial, aínda por determinar).
4. Participación ou asistencia a xornadas que teñan que ver coa temática da saúde mental ou adiccións.
5. Continuar coa petición á Consellería de Sanidade para o recoñecemento da Educación Social no eido sanitario (saúde mental – adiccións), ata que esta sexa acadada.
6. Proposta dun II encontro/café "Educación Social e Saúde".

7. Procura de integrantes para o GT.
8. En colaboración coa área de formación, procura de formación relacionada co ámbito da saúde mental e adiccións.
9. Elaborar Comunicado polo Día Mundial da Saúde Mental así como unha campaña nese mes, na que semanalmente subamos contidos relacionados coa temática.
10. Colaborar nas liñas estratéxicas da Xunta de Goberno de forma permanente.

1. **Coordinación do Comité de Comunicación:** Comité Técnico que se encarga das ferramentas comunicativas do Consejo: Eduso.net, páxina web de Cgcees, Revista Res, Twitter, Facebook, Youtube e Instagram.
2. **Coordinación de Referentes de Comunicación:** persoas integrantes das Xuntas de Goberno dos diferentes colexios profesionais que serven de enlace para publicitar as noticias do Cgcees.
 - 2.1. Plan de Comunicación.
 - 2.2. Conmemoración de Días Internacionais.
3. Integrantes da **Comisión da Comunicación do Congreso.**
4. **Como integrantes do Cgcees, participación nas** Asembleas Xerais e Xuntas de Goberno que se convoquen ao longo do ano, así como colaboración nas diferentes iniciativas impulsadas polo Consejo.